

Memoria 2010 niños



MEMORIA DE ACTIVIDADES

ÍNDICE

- P03** Presentación do Presidente, Valentín Escudero
- P04** Presentación da Directora Xeral, Mónica Permuy
- P05** Datos Xerais
- P06** Integración Familiar (Reunificación e Preservación)
- P07** Acollementos e Adopcións Especiais. Acollementos Temporais
- P08** Atención Familiar e Prevención da Violencia na Adolescencia. Atención Familiar. Proxecto Conecta.
- P09** Responsabilidade Social Corporativa
- P10** Proxectos Educativos e Sensibilización
- P11** Formación
- P12** Cooperación Técnica. Calidade
- P13** Voluntariado. Prácticas Profesionais
- P14** Informe Económico. Resultados do Exercicio 2010
- P15** Principais Financiadores e Colaboradores

Ilustración Portada:
CPR Divino Mestre.
Santiago de
Compostela

Edita:
Fundación Meniños
D. L.: C 1842-2011



Padroado:
Valentín Escudero Carranza
(Presidente)
María Elena García Gómez
(Vicepresidenta Primeira)
Xosé Manuel Villanueva Prieto
(Vicepresidente Segundo)
Paula González Gundín (Secretaria)
Juan José Varela Rodil (Vogal)
José Jesús Sánchez Marín (Vogal)
M^a del Carmen Fernández Eire (Vogal)
Nuno Matias da Silva Ferreira (Vogal)

Equipo Humano:

Directivos/as: 6
Psicólogos/as: 24
Pedagoga: 1
Psicopedagoga: 1
Educadores/as Sociais: 6
Traballadores/as Sociais: 12
Téc. Proxectos Educativos: 2
Téc. Comunicación: 1
Administrativas: 3
Téc. Xestión: 1

Composición do Equipo Directivo:

Mónica Permuy López
(Directora Xeral)
Kucha Movilla Fidalgo
(Directora Técnica)
Pilar Parga López
(Directora de Xestión)
M^a Begoña Pallas García
(Adxunta á Dirección de Xestión)
Lourdes Acero Rico
(Delegada en Madrid)
Elvira Álvarez Baz
(Delegada en Asturias)
Santiago Míguez Caridad
(Asesor Xurídico)

Presentación do Presidente

Son eles.


Esta memoria amósache toda a actividade da Fundación Meniños nun ano moi difícil para os menores e familias temos atendido nos diversos programas que levamos a cabo. Un ano de crise que afectou a moita xente, e de xeito especial ás persoas usuarias dos nosos servizos, que sumaron ao seu problema particular las dificultades xeralizadas da crise económica.

E o comezo do presente ano 2011 fíxonos aínda máis conscientes da necesidade de axudar e do imprescindible que é a solidariedade de todos os que apoiades dalgún xeito a Meniños.

Na Fundación Meniños estamos facendo todo o posible para colaborar na mellora das condicións de vida dos máis desfavorecidos e golpeados pola crise. Sabemos que son eles: os nenos e nenas que necesitan e se benefician dos nosos servizos.

Non sabemos se hai unha ou varias estratexias políticas e económicas para saír dunha situación de crise como a actual, pero estamos convencidos que NON hai un futuro aceptable que non pase por devolver e garantir á infancia que ten sufrido maltrato e abandono o seu dereito a vivir nunha contorna familiar segura e afectiva. Unha contorna que lles permita recuperar a confianza e a motivación para converterse nos adultos que a nosa sociedade precisa.

A protección á nosa infancia é sen dúbida un desafío social, unha tarefa da comunidade; non é algo “privado” de cada familia nin tampouco é unha “cosa do goberno” en exclusiva. A educación e o coidado necesarios para o desenvolvemento da infancia e a súa transformación, a través da adolescencia, cara un modelo adulto é un labor de todos: faise na escola e na comunidade tanto como na familia.



Valentín Escudero Carranza
Presidente

O que a sociedade na que vivimos agarda da infancia e dos adolescentes, e o que lles proporcionamos para que consigam cumprir esas expectativas, é un pilar básico do modelo social que estamos construíndo entre todos.

A forma en que coidamos da nosa infancia máis vulnerable represéntanos como sociedade, representa tamén a nosa identidade e a fortaleza dunha comunidade.

A crise actual ten unha incidencia especialmente negativa nos menores que viven nun contexto familiar conflictivo e que carecen da protección axeitada ou se ven en risco dun desamparo total, polo que todos (tanto particulares como entidades privadas e a administración pública) debemos implicarnos para que non haxa deixamento sobre este problema.

Eles son o futuro. É unha frase manida pero tamén unha verdade irrefutable. Son a prioridade da nosa sociedade? É unha pregunta que ás veces resulta doorosa porque a resposta non é tan contundentemente afirmativa coma debera.

Non debería caber ningunha dúbida sobre esta resposta, non haberá un camiño honesto e eficaz cara o futuro que pase por deixar de lado á infancia que vive unha situación de abandono ou sufrimento. Non deberíamos aceptar atallos nin recortes neste ámbito, debería ser unha prioridade absoluta.

Éo para todos os que somos parte da Fundación Meniños, é a nosa prioridade. Éo para ti tamén? Fágote esta pregunta porque precisamos unírnos e apoiar todas as iniciativas para protexer adecuadamente á infancia. Sempre ten sido así, pero especialmente agora. En momentos de crise eles deben ser o primeiro a coidar.



Ilustración: Guillermo Summers

Datos Xerais

Fundación Meniños é unha oenegé independente creada en 1996, que traballa polos dereitos da infancia e adolescencia en situación de dificultade social, contribuíndo a xerar cambios que propicien un ambiente familiar de seguridade e afecto. Desenvolvemos a nosa actividade en Galicia, Asturias e Madrid.

Visión

Fundación Meniños ofrece servizos de calidade contrastada para a infancia e a adolescencia en situación de dificultade social e promove os seus dereitos, investigando, difundindo coñecemento e innovando sobre a súa atención e favorecendo a participación doutras persoas e entidades na promoción dunha cultura de bo trato, para garantir a cada neno, nena e adolescente o seu dereito a medrar nunha contorna familiar que asegure o seu benestar e desenvolvemento integral.

Valores

Compromiso cos Dereitos do Neno
O superior interese do menor
A Familia como referente estable
Educación e capacidade de cambio
Calidade e mellora continua
Innovación e creatividade
Coidado ás persoas
Transparencia e independencia
Compromiso social

Resumo de Resultados

As persoas usuarias directas dos servizos prestados ao longo de 2010 foron **669** nenos, nenas e adolescentes e **642** familias.


A estas cifras debemos sumar os **30.141** nenos, nenas e adolescentes que participaron nos proxectos educativos **“Responsable e Solidaria”, “Facendo Familias”** e **“Cando o Semáforo Está en Ámbar”**.

A distribución por programas é como segue:

PERSOAS ATENDIDAS	NENOS/ NENAS	FAM.
Reunificación Familiar Galicia	148	93
Reunificación Familiar Asturias	24	14
Preservación Familiar	125	61
Acollementos Temp.	14	28
Acollementos e Adop. Especiais	236	372
Atención Familiar	70	42
Programa de Axuda a Familias con Adolescentes en Conflito.	8	8
Atención Familiar e Prevención da Violencia na Adolescencia	44	24
TOTAL	669	642

En cifras relativas, así se reparten as persoas usuarias nos servizos que **Meniños** presta:

- Nenos, nenas e adolescentes atendidos:



Integración Familiar

Área de Reunificación Familiar


O equipo multidisciplinar de **Meniños** traballa para mellorar a situación socio-familiar e persoal de nenos, nenas e adolescentes que tiveron que ser separados das súas familias e residen en centros de acollida ou en familias acolledoras. Intervimos directamente nos núcleos familiares de referencia para favorecer a reunificación familiar.

Reunificación Familiar Galicia

Durante 2010 atendemos a **74** nenos, **74** nenas e a un total de **93** familias.

Deses **148** nenos, nenas e adolescentes concluíuse a actuación con **26** nenos e **32** nenas, correspondentes a **36** familias, e continúan en curso **48** nenos, **42** nenas e **57** familias.

Os resultados foron os seguintes:



Reunificación Familiar Asturias

Meniños comezou a desenvolver este programa en Asturias en 2010, atendendo a **9** nenos e **15** nenas correspondentes a **14** familias.


Área de Preservación Familiar

As persoas destinatarias deste programa son nenos, nenas e adolescentes que viven en familias con graves problemas de exclusión social e corren o risco de ser separados das mesmas e da súa contorna. Desde **Meniños** potenciamos os recursos destas familias, promovendo cambios que eviten a separación.

En 2010 atendemos a **65** nenos, **60** nenas e **61** familias. Destas, finalizouse con **24** e seguen en curso **37**.

No que aos nenos e nenas se refire, concluíuse a actuación con **23** nenos e **20** nenas, e continúan en curso **42** nenos e **40** nenas.

Os resultados son como segue:



Programa de Integración Familiar Galicia: Conveniado desde 1998 coa **Consellería de Traballo e Benestar** da **Xunta de Galicia** e o **Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad**.

Programa de Reunificación Familiar Asturias: Conveniado co **Instituto Asturiano de Atención Social a la Infancia, Familia y Adolescencia (IAASIFA)** do **Principado de Asturias** e o **Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad**.

Acollementos e Adopcións Especiais

Este programa diríxese a:

- Nenos, nenas e adolescentes que se atopan residindo en centros e que están en disposición de ser acollidos e/ou adoptados, pero que teñen unha maior dificultade para atopar unha familia debido a determinadas características (ter máis de 8 anos, ser varios irmáns, padecer algunha enfermidade crónica ou discapacidade física ou psicolóxica...).

- Familias que, previa realización do correspondente informe de idoneidade, se atopan en disposición de acoller e/ou adoptar a estes nenos e nenas.


Meniños realiza campañas de busca de familias acolledoras, informa ás personas interesadas, leva a cabo sesións de preparación, apoio e orientación, e acompaña durante todo o proceso ás familias.

Este programa desenvólvese en convenio co **Instituto Madrileño del Menor y la Familia (IMMF)** e o **Ministerio de Sanidad y Política Social**, en Madrid, e co **Instituto Asturiano de Atención Social a la Infancia, Familia y Adolescencia (IAASIFA)** do **Principado**, en Asturias.

No Programa de Acollementos e Adopcións especiais foron atendidos **123** nenos, **113** nenas, e **192** familias acolledoras.

Deses **236** nenos e nenas, **28** causaron baixa.

Os motivos son os seguintes:



Celebrouse un Encontro con **21** familias acolledoras en Asturias, ao que acudiron **36** adultos e **30** nenos, nenas e adolescentes.

Tivo lugar o **"X Encuentro Anual de Familias Acogedoras"** en Madrid, ao que asistiron **39** familias formadas por **68** adultos e **69** nenos e nenas.

Acollementos Temporais

Este programa diríxese a nenos, nenas e adolescentes, familias acolledoras e familias de orixe.

O obxectivo principal do Programa é conseguir que os nenos e nenas que teñan que ser temporalmente separados da súa familia de orixe, poidan ser acollidos nun ambiente de convivencia familiar ata que, trala intervención especializada, retornen coa súa propia familia.

Lévase a cabo mediante un convenio co **Instituto Madrileño del Menor y la Familia** da **Comunidad de Madrid** e co **Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad** desde 2003.

En 2010 foron atendidos **7** nenos e **7** nenas de **14** familias.

Deses, finalizouse a intervención con **9**. Os motivos foron en **8** casos retorno coa familia de orixe e en **1** cambio de medida.

Atención Familiar e Prevención da Violencia na Adolescencia

Este Programa dirixiuse á detección e valoración da problemática e as necesidades de adolescentes en situación de conflito e as súas familias, detectados nos Servizos Sociais Municipais ou por outras instancias.

Esta análise realizouse desde unha perspectiva sistémica avaliando os indicadores de risco e protección presentes nos principais sistemas que conforman a realidade de ditos adolescentes: persoal, familiar, escolar e social. O obxectivo era deseñar un plan de intervención e apoio que permitise solucionar a conflictividade nos adolescentes e familias avaliadas.

O proxecto desenvolveuse en varios concellos da provincia de Lugo: ZONA DE A MARIÑA: Viveiro, Burela, Foz e Ribadeo.

ZONA CENTRO: Vilalba.

ZONA RIBEIRA SACRA: Chantada, Sarria e Monforte.


Durante os meses de novembro e decembro de 2010 foron derivadas ao programa de Atención Familiar **42** familias, e iniciouse a intervención con **24** familias, **26** nenos e **18** nenas.

Este programa está conveniado coa **Deputación de Lugo**.

Atención Familiar

O Programa de Atención Familiar ten como obxecto a atención e o coidado dos nenos, nenas e adolescentes en situación de risco social e/ou desamparo. Está dirixido a aquelas familias nas que polas súas particulares circunstancias de desestruturación, falta de motivación ou conciencia do problema, ou aparente ausencia de sintomatoloxía pero previsible risco para o neno ou nena, os Servizos Sociais Municipais consideran necesario un apoio específico para a prevención e protección social destes.

Foron atendidos **42** nenos, **28** nenas e **42** familias.



Pecháronse 14 casos cunha porten-taxe de éxito superior ao 78%.

Este Programa está conveniado coa **Concellaría de Benestar Social e Patrimonio** do **Concello de Pontevedra**.

Proxecto Conecta

O **Programa de Intervención Familiar para Adolescentes e Familias en Conflito** foi deseñado en coordinación coa **Unidade de Intervención en Investigación e Coidado Familiar (UIICF)** da **Universidade da Coruña**. O seu obxectivo é proporcionar intervención terapéutica específica que permita a todo o sistema familiar (pais, nais e adolescentes) facer os axustes necesarios para reducir os conflitos e restablecer o bo funcionamento familiar e a plena integración social do adolescente. A intervención realízaa un equipo de especialistas en terapia familiar sistémica e combínanse sesións individuais, familiares, e de grupo.

O obxectivo é apoiar e orientar á familia para adaptarse ás novas demandas que xurden na adolescencia.

Comezouse a atender familias en novembro de 2010, formando parte do programa **8** adolescentes e as súas familias cunha media de 12 sesións (familiares, individuais e grupais).

Responsabilidade Social Corporativa

Aínda que o apoio empresarial ás ONG no noso país é aínda pouco significativo, cada vez son máis as entidades que contribúen á sociedade mediante accións de Responsabilidade Social Corporativa.

Durante 2010 foron moitas as empresas e entidades que mostraron a súa empatía cara os nosos proxectos a través de diferentes formas de colaboración.

Entre elas salientamos as aportacións aos nosos programas de Acollemento Familiar a través da campaña **Blogger's Collection** de **women'secret**, a aportación de **Abertis Telecom** e as accións de difusión realizadas grazas a **AXA de Todo Corazón** e **AENA Aeropuertos Españoles y Navegación Aérea**.

Os nosos proxectos educativos e de innovación e investigación víronse reforzados pola campaña “corazón solidario” de **IKEA**, que doou as súas vendas do coxín solidario Famnig Härta durante o mes posterior á inauguración da súa tenda de A Coruña.

Kalandraka edita “Milu”.

En maio presentamos un libro infantil solidario publicado por **Kalandraka**, cuxa edición foi posible grazas á colaboración do seu autor, Manuel Rivas e a ilustradora Aitana Carrasco.

O carácter solidario desta publicación implica que o 10% das súas vendas será destinado a **Meniños**.

O relato, que transmite unha fermosa visión de recursos como a intervención familiar e o acollemento, reflicte a situación e as vivencias de moitos nenos e nenas no seu percorrido polo sistema de protección.

Xantar Solidario de “Os Pequerrechos” a favor de Meniños.

Un ano máis celebrouse en A Coruña o Xantar Solidario organizado por **Escolas Infantís “Os Pequerrechos”** a favor da nosa oenegé, coa colaboración do **Club de Leones Teresa Herrera**.

O evento contou coa presenza do Padroado de **Meniños** e a súa Directora Xeral, Mónica Permu, a Directora de “**Os Pequerrechos**”, Paula González, e diversas personalidades públicas e privadas.



Sinatura de Convenio de Colaboración con
AXA de Todo Corazón

Proxectos Educativos e Sensibilización

“Responsable e Solidaria”

Este proxecto contén unha serie de actuacións de carácter educativo e preventivo no ámbito escolar, familiar e social, co obxectivo común de promover estes valores na infancia.

Consta de dous elementos; a proposta para Educación Infantil “**Facendo Familias**”, que conta xa con tres anos de excelente traxectoria no sistema educativo en Galicia, e o portal Web educativo “**O mundo de Milu**”.

Destacamos a participación final de casi **12.601** nenos e nenas de **286** colexios de Galicia, e **881** profesores e profesoras.

“Cando o Semáforo está en Ámbar”

Este proxecto diríxese á escola como axente fundamental na promoción do bo trato á infancia no medio familiar. Combina aspectos de sensibilización e prevención primaria, con servizos centrados no asesoramento para a resolución de situacións concretas antes dun posible agravamento (prevención secundaria), e incluso de intervención directa cos nenos e nenas e as súas familias (na liña da parentalidade positiva).

En 2010 desenvolveuse nos centros educativos de Infantil, Primaria e Secundaria das provincias de A Coruña (**6.537** nenos e nenas beneficiarios) e Lugo (**2.632** nenos e nenas beneficiarios), principalmente a través dos departamentos de orientación.

“Facendo Familias” en Madrid e Asturias

Facendo Familias é unha proposta educativa para o fomento da participación da infancia na construción da súa familia e da súa sociedade. Os seus obxectivos fundamentais son:

- Facilitar a aprendizaxe de estratexias para que os nenos protagonicen a construción dunha contorna familiar de seguridade e afecto.
- Achegarnos á realidade da infancia e a familia dos países empobrecidos, aprendendo así a coñecer e respectar a diversidade.

Durante 2010 participaron neste proxecto en Madrid **5.111** nenos e nenas de **31** colexios e **194** educadores e educadoras, e en Asturias, **3.260** nenos e nenas de **56** colexios e **311** profesores e profesoras.



Actividade de **Facendo Familias** no **CRA Nosa Señora do Faro** (Ponteceso)

Formación

Formación Interna

As accións de formación interna que se desenvolveron ao longo de 2010 estiveron centradas fundamentalmente na Intervención Familiar.

Realizáronse **13** accións formativas que supoñen un total de **107** horas, distribuíndose da seguinte maneira:

2 para a formación básica do novo persoal de Asturias, Madrid, Ourense e Lugo. 32 horas.

4 relativas ao desenvolvemento de obxectivos da calidade e 1 á preparar auditores internos. 37 horas.

2 relacionadas con acollementos e adopcións especiais. 12 horas.

4 accións formativas de actualización e mellora que abranguen todas as áreas. 26 horas.

Formación Externa

Os obxectivos da formación externa son:

- Completar a formación interna en temas concretos.

- Asistir a congresos, xornadas, etc. de xeito que poidamos ter unha visión global sobre o que outras organizacións e profesionais están facendo no ámbito da protección á infancia.


- Impartir cursos, conferencias, intervir en xornadas, para poñer a disposición doutros profesionais os nosos coñecementos sobre o tema e concienciar sobre a desprotección infantil.

Impartida

O equipo humano de Meniños impartiu **10** accións formativas, que supuxeron un total de **78** horas, entre as que salientamos o **Congreso Estatal de Infancia Maltratada**.

Recibida

Os nosos profesionais participaron como alumnado en **13** cursos, cun total de **189** horas.



Resumo Formación Interna 2010

Cooperación Técnica

Seguindo a liña de difusión do coñecemento e dentro do convenio co **Instituto de Acção Social do Governo de Açores** e o **Centro de Terapia Familiar e Intervenção Sistemica**, impartíronse 2 accións formativas sobre Acollemento Familiar no mes de decembro. Estas accións formativas enmárcanse dentro do asesoramento que **Meniños** está ofrecendo a esta entidade portuguesa para a posta en marcha do seu Servizo de Acollemento Familiar.

Colaboramos xunto co **Instituto de Acção Social** e a **Unidade de Investigación e Coidado Familiar** da **Universidade da Coruña** na elaboración do Manual de Tratamento **“Impacto da violencia de xénero na infancia: guía de intervención”**. Trátase dunha guía para a intervención con nenas e nenos afectados pola violencia de xénero.

Calidade

Durante o ano 2010 témonos centrado principalmente na mellora do procedemento **Avaliación e Deseño do Plan de Mellora Familiar** dentro do “obxectivo da calidade”.

O primeiro paso, cando unha familia é admitida no servizo de Intervención Familiar, é determinar o grao de protección que pode dar aos nenos e nenas que dependen dela. Unha vez que coñecemos o grao de protección e en función deste, deseñamos un **Plan de Mellora Familiar** (PMF).

Canto máis rápido e máis eficientemente se faga esta valoración, antes se comezará a traballar coma familia, será máis sinxelo conseguir cambios e estes serán máis duradeiros.

É neste senso no que temos traballado, desenvolvendo un instrumento de medida da protección que, pola súa simplicidade, pode ser aplicado durante todo o proceso. Este instrumento permítenos determinar o grao de protección ao longo de toda a intervención e ademais indícanos que debe ocorrer nesa familia para que este se incremente.

Utilizamos o símil dun **semáforo** de xeito que se o nivel de protección dunha familia está en **vermello** a acción inmediata é protexer aos nenos e nenas que viven con ela (o máis habitual é unha separación) e nun segundo momento, traballamos cos seus membros para que saiban como restablecer o nivel de protección. Se este nivel se atopa en **ámbar** os nenos e nenas poden convivir coa súa familia mentres traballamos para poñer o semáforo en verde. Finalmente, se o nivel de protección está en **verde**, reforzamos e consolidamos as pautas psico-socio-educativas.

Voluntariado

Dentro do Plan de Voluntariado 2010, Meniños levou a cabo accións que requiriron unha considerable participación de persoas voluntarias, que nos regalaban o seu tempo e implicación cos nosos proxectos.

A difusión da entidade e do traballo que desenvolvemos centrou a maior parte das actuacións do noso persoal voluntario.

Ademais das actividades de difusión das propostas educativas e a participación en actividades lúdicas como os **Encontros de Familias Acolledoras** en Madrid e Asturias e a celebración do **Día dos Dereitos da Infancia** en Pontevedra, participaron en accións de comunicación externa dun importante impacto social.

Destacamos a colaboración na **Campaña de Difusión do Acollemento Familiar** no **Aeroporto de Barajas**, e a participación durante un mes no stand co que contou Meniños en **IKEA A Coruña** con motivo da súa inauguración.

Ademais, deuse inicio a vías de colaboración no ámbito do voluntariado corporativo con varias entidades.

PERSOAS VOLUNTARIAS	TOTAL
Madrid	10
Asturias	4
A Coruña	23
Lugo	2
Ourense	2
Vigo	3
Pontevedra	8
TOTAL	52

Nº de persoas voluntarias que participaron ao longo de 2010

Prácticas Profesionais

Queremos salientar dentro do Equipo Humano que forma Meniños ás persoas en prácticas.

É a nosa vontade como Fundación ofrecer un espazo para compartir o noso coñecemento e abrir os nosos programas a futuros profesionais conscientes de que a nosa contribución repercutirá sen dúbida na calidade da atención ás persoas coas que traballamos.

Meniños conta con convenio para a realización de prácticas con diferentes institucións educativas como son: **Universidad Nacional de Educación a Distancia (UNED)**, **Universidade da Coruña**, **Universidade de Santiago**, **Universidade de Vigo**, e **Instituto de Educación Secundaria Portovello**.

Durante o ano 2010 realizaron prácticas en Meniños un total de **5** persoas, nas áreas de traballo social, educación social e integración social.

Informe Económico

Resultados do Exercicio 2010

INGRESOS	1.405.395,87
GASTOS	1.478.757,81
INGRESOS - GASTOS	-73.361,94
APLICACIÓN DE RESERVAS	73.361,94
SUBVENCIONS DE CAPITAL 2010	97.239,57
INVERSIONS 2010	100.351,95
SUBVENCIONS DE CAPITAL - INVERSIONS	-3.112,38


Fundación Meniños presentou informe económico favorable en todos os exercicios. O último informe, correspondente a 2010, foi realizado por **KPMG**, que nos audita desde 2006.

Así mesmo, a Fundación cumpre satisfactoriamente con todos os principios da **"Guía de la Transparencia y las Buenas Prácticas de las ONG"**.

Esta guía, elaborada pola **Fundación Lealtad**, está dispoñible na súa web (www.fundacionlealtad.org).

A certificación detallada pódese consultar tamén no noso portal web: www.meninos.org.

Ingresos




87% Públicos

Procedencia da financiación pública




Comunidades Autónomas 61%

Procedencia da financiación privada




Entidades Financeiras e Empresas 73%

Gastos



89% Programas de Actuación

Distribución do gasto por programas de actuación



Proxecto Conecta 1%

Principais Financiadores e Colaboradores

públicos:

- Deputación Provincial da Coruña
- Secretaría Xeral de Familia e Benestar. Xunta de Galicia
- Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad
- Instituto Madrileño del Menor y la Familia. Comunidad de Madrid
- Instituto Asturiano de Atención Social a la Infancia, Familia y Adolescencia. Principado de Asturias
- Área de Benestar Social e Patrimonio. Concello de Pontevedra
- Concellaría de Mocidade, Solidariedade e Normalización Lingüística. Concello da Coruña
- Consellería de Traballo e Benestar. Xunta de Galicia
- Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado. Xunta de Galicia
- Deputación Provincial de Lugo
- Concello de A Coruña
- Concello de Ames
- Concello de Ourense
- Concello de Vigo
- Concello de Lugo
- Deputación Provincial de Pontevedra
- Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica. Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Xunta de Galicia.

universidades:

- Universidade da Coruña
- Universidade de Santiago de Compostela
- Universidade de Vigo
- UNED

privados:

- Obra Social y Cultural CajAstur
- Asociación AXA de Todo Corazón
- Bancaja
- Caja Duero
- Fundación CEO
- Fundación Solidaridad Carrefour
- Obra Social Caja Madrid

entidades colaboradoras:

- Fundación Lealtad
- women'secret
- IKEA A Coruña
- Kalandraka Editora
- Abertis Telecom. Retevisión
- AENA. Aeropuertos Españoles y Navegación Aérea
- 100x100 Comunicación+Creatividad
- Sol Meliá
- Escolas Infantís “Os Pequerrechos”
- Difusión, Deseño e Publicidade
- Ekinocio Comunicación
- La Opinión
- Fundación Alimerka
- Cartonajes Vir
- Lugami Artes Gráficas
- La Voz de Galicia
- La Región
- Banco Gallego
- Metátese Teatro
- Alentía Teatro
- CPI de Vedra
- Instituto de Ação Social do Governo de Açores (Portugal)
- Centro de Terapia Familiar e Intervenção Sistémica (Açores).
- Mundos de Vida (Portugal)
- Gas Natural Galicia
- Colegio Oficial de Psicólogos de Madrid
- Colegio Oficial de Psicólogos de Galicia
- USP Fundación Álex
- Sindicato de Traballadores do Ensino de Galicia (SETG)



Únete a Meniños
902 22 07 07
www.meninos.org
www.mundodemilu.org

SEDE CENTRAL

A Coruña

Avda de Cádiz 5, 2º Esqda.
(Edif. A Milagrosa)
15008 A Coruña
T 981 269 955 F 981 256 003
meninos@meninos.org

DELEGACIONES

Madrid

Cuatro Amigos 5, Esc. Izqda. 1º C
28029 Madrid
T 91 398 04 65 F 91 398 04 66
meninos.madrid@meninos.org

Asturias

Santa Clara 8, 5º C
33001 Oviedo
T 985 208 124 F 985 209 029
meninos.asturias@meninos.org

Lugo

Avda. da Coruña 40, 1º
27003 Lugo
T 982 254 325 F 982 221 662
meninos.lugo@meninos.org

Ourense

Progreso 5, Oficina 6
32005 Ourense
T 988 234 074 F 988 269 928
meninos.ourense@meninos.org

Pontevedra

Avda. Fragoso 48, Int.Bajo
36210 Vigo
T 986 240 436 F 986 247 759
meninos.pontevedra@meninos.org

Sor Lucía 2, 3º
36002 Pontevedra
T 986 850 156 F 986 846 145
adolescentes.pontevedra@meninos.org